



# CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)

## REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIONS

=====

### CAPITULO PRIMEIRO

#### OBXETO

**Artigo 1º.-** O presente Regulamento ten por obxeto regula-los distintivos e nomeamentos honoríficos que poida concede-lo Concello de / Soutomaior, encamiñados a premiar especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concurran nos galardoados.

**Artigo 2º.-** Tódalas distincións a que fai referencia este Regu-lamento teñen carácter meramente honorífico, sen que outorguen ningún dereito económico nin administrativo.

**Artigo 3º.-** Coa soia excepción do Xefe do Estado, non poderán ou torgarse honras e distincións a persoas que desempeñen altos cargos na Administración e respecto ós cales se atopa a Corporación en relación subordinada de xerarquía, función ou servio, e en tanto subsistan istes motivos.

### CAPITULO SEGUNDO

#### DOS NOMEAMENTOS E DISTINTIVOS HONORIFICOS

**Artigo 4º.-** As honras que o Concello de Soutomaior poderá confe-rir para premiar especiais merecementos ou servios extraordinarios prestados ó Concello, serán os seguintes:

- 1.- Título de fillo predilecto do Concello.
- 2.- Título de fillo adoptivo do Concello.
- 3.- Membro honorario da Corporación.
- 4.- Medalla do Concello, nas categorías de ouro, prata e bron-ce.

**Artigo 5º.-** 1) A concesión de título de Fillo Predilecto do Con-cello soio poderá recair en quens, habendo nado no municipio, haxan / destacado de maneira extraordinaria por cualidades ou méritos perso-nais ou por servios prestados de indiscutibel consideración no ser-vicio público.

2) A concesión de título de Fillo Adoptivo do Concello poderá re-cair nas persoas que, sen haber nado no municipio, reunan as circuns-



tancias sinaladas no párrafo derradeiro.

**Artigo 6º.-** 1) Os Títulos de Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo, ámbolos dous en igoal rango, constituíen a maior distinción do Concello, polo que a súa concesión farase sempre utilizando criterios moi restrictivos.

2) O outorgamento de calquera dos dous Títulos levará aparellada a entrega solemne ó agraciado dun diploma e da insignia ou insignias que acrediten a distinción. Nun e noutro deberá figura-lo escudo do / Concello, así coma inscrición de Fillo Predilecto ou de Fillo Adoptivo, según proceda.

**Artigo 7º.-** 1) O nomeamento de membro honorario da Corporación poderá ser outorgado como mostra de alta consideración, ou por correspondencia recíproca a distincións análogas recibidas pola Corporación ou autoridades municipais.

2) Acordada a súa concesión, farase entrega ó agraciado dun diploma e dunha medalla idéntica a que corresponde usar ó Alcalde ou Concellais electos.

3) Os nomeamentos de membros honorarios non outorgarán, en ningún caso, facultades para intervir no goberno ou administración da Corporación, aínda que o Alcalde titular ou o Concello poderán encomendarlles o exercicio de funcións representativas fora do termo municipal.

**Artigo 8º.-** 1) A medalla do Concello é unha recompensa municipal creada para premiar méritos extraordinarios que concurran en persoalidades, entidades ou corporacións, tanto nacionais como extranxeiras, por haber prestado servizos ou dispensado honras á mesma.

2) A medalla terá carácter de condecoración nas súas distintas categorías de ouro, prata e bronce.

**Artigo 9º.-** As medallas levarán no seu anverso a figura do escudo do Concello e conterán, ó menos, a mención da distinción. Serán cunhadas no correspondente metal.

**Artigo 10º.-** O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbán, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ó Concello, recoñecendo con elo especiais merecementos ou / servizos extraordinarios.



### CAPITULO TERCEIRO

#### DO PROCEDEMENTO DE CONCESION



## CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)

**Artigo 11º.-** A concesión de calquera das honras a que se refire este Regulamento requirirán a instrucción previa do oportuno expediente, mediante Decreto da Alcaldía, ben por propia iniciativa ou a requirimento dunha carta parte dos membros que integran a Corporación, ou con motivo de petición razonada dun organismo oficial ou de entidade ou asociación de recoñecido prestixio. No Decreto da Alcaldía designarase un Concellal Instructor e un Secretario, que se ocuparán da tramitación de expediente.

**Artigo 12º.-** 1) Finada a práctica de cantas dilixencias foran acordadas para precisa-los méritos da proposta, o instructor formulará proposta motivada, que elevará ó organo correspondente, para que éste, co seu dictamen, a remita á Alcaldía-Presidencia que, de aceptar plenamente éste, someterá o expediente ó Pleno da Corporación para que acorde a resolución que coide pertinente.

2) Precisarase o voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta legal de membros da Corporación para a validez dos acordos de concesión de Títulos de Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo, e de nomeamento de membros honorarios. O outorgamento das medallas do Concello requirirá o voto favorable da maioría absoluta legal de membros da Corporación.

**Artigo 13º.-** O Concello creará un Libro de Honra de Distincións e Nomeamentos, onde se irán inscribindo os outorgados.


**Artigo 14º.-** 1) Os Títulos e condecoracións outorgadas serán obxecto dun acto solene de entregas, coa asistencia do Pleno da Corporación e daquelas autoridades e representacións que se coiden pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

2) As persoas a quens se lle concedan estes Títulos terán dereito a acompañar á Corporación Municipal nos actos e solenidades ás que ésta concurra, ocupando o lugar que para eles lles esté sinalado.

**Artigo 15º.-** O Concello poderá privar, das distincións que son obxecto deste Regulamento, a quens incurran en fallas que aconsellen esta medida extrema. O expediente que a tal efecto se instrua seguirá a mesma tramitación e o acordo requirirá o mesmo número de votos que foron necesarios para o outorgamento á honra ou distinción.

### DISPOSICION FINAL


O presente Regulamento, que consta de quince artigos e unha disposición final, entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente po-




lo Concello e publicado o seu texto íntegramente no "Boletín Oficial" da provincia.

Soutomaior, a 13 de Agosto de 1.987

O ALCALDE,




A SECRETARIA,



DILIXENCIA:

O presente Regulamento foi aprobado polo Concello Pleno, en xuntanza extraordinaria levada a cabo o día 21 de Agosto de 1.987.

A SECRETARIA,



Publicado no Boletín Oficial da Provincia en data 10 de novembro de 1987.